



O uso das hortas cambiou moito: agora empréganse tamén como xardíns.

## A horta

### 73. Para que se usaba?

Na horta cultivábanse os produtos que, como as patacas ou a verdura, constituían o alimento básico para os ocupantes do edificio. Tamén se adoitaban criar nela coellos, porcos e galiñas, e mesmo se mantiñan, en ocasións, algunhas vacas que se recollían de noite na planta baixa do edificio.

### 74. Para que vale agora?

Perdidos estes usos, as hortas seguen a ser un elemento característico das nosas cidades e vilas. Agora máis xardín que horta, pode seguir a ser o lugar para algunha plantación, máis debida ao ocio que ao sustento, ou constituír unha zona aberta para o descanso e lecer dos seus usuarios.

### 75. Pódese construír nela?

En determinadas zonas, e para que as hortas poidan acoller algunha das súas novas funcións sen perder a súa identidade, poderíase facer un pequeno e sinxelo alpendre realizado cos materiais axeitados. Este alpendre podería considerarse tamén unha pequena extensión da vivenda, xunto ou separado dela, dependendo dos casos, e capaz de acoller algún uso accesorio dela: unha pequena zona de estudio, un obradoiro, un almacén de ferramentas, lavandería, etc.